



Nº Expediente: 2017/C003/000007

Asunto: Contratación de REPARACIÓN DE FIRME EN CAMIÑOS MUNICIPAIS

MESA DE CONTRATACIÓN (3)

ACTA DE VALORACIÓN DA SEGUNDA OFERTA PRESENTADA OU RATIFICACIÓN DA PRIMEIRA; E PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN MEDIANTE PROCEDEMENTO NEGOCIADO DO SEGUINTE CONTRATO:

Obra: REPARACIÓN DE FIRME EN CAMIÑOS MUNICIPAIS

Importe de licitación: 118.544,88 IVE incluído (Prezo sen IVE 97.970,97 €; IVE: 20.573,90 €)

ASISTENTES

PRESIDENTE:

Don Pablo Diego Moreda Gil, alcalde

VOGAIS:

Dona María José Rodríguez Pérez, concelleira

Don José Camilo Casal García, concelleiro

Don Antonio Rodríguez Fabello, arquitecto municipal

Dona Ana Velo Ruiz, secretaria do concello

Don Jorge Vidal Zapatero, interventor municipal.

SECRETARIO:

Don Javier Zunzunegui Vázquez, funcionario do Concello, en substitución de M^a Montserrat Pérez Garrote.

No Salón de plenos do Concello de Cedeira (A Coruña), ás 13:00 horas do 24 de novembro de 2017, constitúese a Mesa de Contratación integrada da forma sinalada, co obxecto de proceder á valoración da segunda oferta presentada ou ratificación da primeira, e elevar unha proposta de adxudicación ao órgano de contratación da obra anteriormente citada.

A seguinte empresa presentou en forma e prazo documentación xustificativa da súa oferta:

- LANCER PROYECTOS Y OBRAS, S.A. (R.E. 5946 de 23.11.2017), anunciando mediante fax o envío (R.E. 5906 de 22.11.2017).

As empresas restantes non presentaron documentación, co cal se entende a súa ratificación na oferta presentada con anterioridade.

Realizados novamente os cálculos correspondentes, obtéñase a seguinte valoración definitiva:

EMPRESA	PUNT. TÉCNICA	OFERTA ECONÓMICA (SEN IVE)	PUNTUACIÓN OFERTA ECONÓMICA	REDUCCIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN (días)	PUNTUACIÓN REDUCCIÓN PRAZO (fórmula Univ. Santiago-Depart. Matemática Aplicada)	PUNTUACIÓN REDUCCIÓN PRAZO (cálculo proporcional segundo os criterios aprobados no Prego-tipo)	TOTAL



José M. Piñeiro López, S.L.	2,85	97.970,97	0,00	0 días	1,00	0,20	3,05
José No Mantiñán e Hijos, S.A.	3,11	96.991,26	0,39	7 días	5,20	1,04	4,54
Lancer, proyectos y obras, S.A.	4,38	81.462,86	5,21	28 días	10,00	2,00	11,59

Á vista das ofertas económicas presentadas, a nova media aritmética é de 92.141,70 € e o límite da baixa temeraria é de 82.927,53 €.

A oferta presentada pola empresa Lancer, proyectos y obras, S.A. pode conter valores anormais ou desproporcionados, polo que de acordo co disposto no Prego de cláusulas administrativas, no seu artigo 15.5, deberá xustificala.

Polo tanto, a Mesa acorda:

1.- Requirir á empresa LANCER PROYECTOS Y OBRAS, S.A. para que, no prazo de 5 días presente por escrito as precisións que consideren oportunas e a xustificación da oferta presentada, de acordo co establecido no artigo 152 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, e segundo se indica na cláusula 15.5 do Prego de cláusulas administrativas.

2.- Solicitar un informe técnico de valoración da documentación que se reciba, ao Sr. arquitecto municipal.

3.- Reunirse de novo para valorar a xustificación da oferta e elevar ao órgano de contratación unha proposta de adjudicación do contrato "REPARACIÓN DE FIRME EN CAMIÑOS MUNICIPAIS".

4.- Publicar na páxina web do Concello de Cedeira a presente acta.

O presidente dá por rematada esta sesión ás 13:30 horas do expresado día, e estendo de todo isto a presente acta, do que eu, secretario da Mesa, dou fe.